

O Claustro de profesorado e o Consello Escolar do IES O Carril, despois de recibir a información de Inspección Educativa sobre a implantación da nova Lei de Educación, LOMLOE, para o curso 2022/23, e de coñecer que ao noso centro non se lle autoriza poder ofertar a Vía de Música e Artes Escénicas na modalidade de bacharelato de Artes que vén impartindo desde o curso 2011/12 (Orde do 1 de agosto de 2011, DOG do 23 de agosto) EXPÓN o seu malestar e desagrado por tal decisión:

O noso centro é pioneiro nesta vía e o único IES da comarca do Salnés e do Barbanza con oferta educativa nas dúas vías da modalidade de Artes tendo sempre alumnado, recursos (dispón do Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa, con prioridade, para calquera actividade ou representación necesaria relacionada con esta vía) e profesorado con dispoñibilidade horaria e traballando no centro desde, precisamente, o curso 2011/12.

Ademais, aínda que na LOMCE se unificaron ambas vías da modalidade de Artes nunha soa, neste centro nunca se deixaron de impartir as materias correspondentes a Música e Artes Escénicas dado que sempre houbo alumnado que as demandaba. No presente ano académico impártense as materias de Artes Escénicas, Historia da Música e da Danza, Linguaxe e Práctica Musical e Música e Expresión Vocal.

Así mesmo o centro está nun entorno sociocultural apropiado para dar cabida a alumnado do Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa, das Escolas Municipais de Música de Vilagarcía de Arousa, Catoira, Vilanova, Cambados, Illa de Arousa, Valga e Escolas de Música, Danza e Arte Dramático de Vilagarcía de Arousa, Cambados, O Grove, Boiro,... Asociacións onde a música tradicional é o seu eixo (Nós de Sobradelo, Malveiras, A Fonte Fría, O Gato Negro, Guillán), Bandas e Orquestras de Vilagarcía de Arousa, Ribadumia, Cambados, Barro, Catoira, Valga, Rianxo, Ribeira...

Por todo o exposto SOLICITA que se reconsidere tal decisión e que non se prive ao alumnado do IES O Carril procedente dun entorno tan amplo e con concellos tan ligados historicamente á cultura artística musical e dramática, da posibilidade de poder optar á Vía de Música e Artes Escénicas e se lle permita ao centro ofertala no curso 2022/23 e sucesivos.

En O Carril a 27 de maio de 2022